



## Concello A Guarda

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22 DE XANEIRO DE 2018.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vintedous de xaneiro de dous mil dezaoto, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

**D. Miguel A. Español Otero**  
**D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**  
**D. Manuel Javier Crespo González**  
**D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**  
**D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

**Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (SESIÓN ORDINARIA DE 26.12.2017 E SESIÓN ORDINARIA DE 10.01.2018).**

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 26 de decembro de 2017 e 10 de xaneiro de 2018 ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos seus membros presentes.

### **PUNTO 2.- Expediente 1103/2017. PROCEDEMENTOS ORDINARIOS SOBRE O RECOÑECIMENTO DE DEREITOS DOS GES**

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 18.01.2018 comunicando a sentenza ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 21-12-2017 no recurso de suplicación n.º 3305/17 entablado por D. FABIAN GONZÁLEZ ÁLVAREZ contra a sentenza ditada polo Xulgado do Social n.º 5 de Vigo o 22 de maio de 2017 nos autos n.º 857/2016 entablados polo recurrente sobre recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda dar traslado ó departamento de intervención recordándolle a sentenza de primeira instancia na que se recoñecía a compensación de horas extraordinarias que se realicen por enriba da xornada que realice o resto do persoal tendo en conta a redución da xornada de verán.

### **PUNTO 3.- Expediente 117/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS**

Vista a Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

DOG n.º 8 do 11 de xaneiro de 2018



## Concello A Guarda

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- A probar o proxecto de servizo denominado: “Socorrismo en praias”
- Solicitar esta subvención para dito servizo coas seguintes características:

1.-Servizo de Socorrismo en praias, 7 traballadores desempregados na categoría de socorristas. Con contrato de traballo de tempo determinado a xornada completa por 3 meses.

2.- Custe da contratación

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG.SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos)/ OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
7	8	SOCORRISTAS	841,00	1.144,17	34,70%	397,03	1.541,20	3 M	100 M	32.365,20
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>										<b>32.365,20</b>

(1) Inclúida a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

3.- Dispor de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro desta Orde.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita

### **PUNTO 4.- Expediente 118/2018. Solicitud de Subvenciones para Entidades Locales**

Vista a Orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulas para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de GALICAI (Risga) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

DOG nº 9 do 12 de xaneiro de 2018

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- A probar o servizo denominado: “SERVICIOS INTERESE XERAL A COMUNIDADE”
- Solicitar esta subvención para dito servizo coas seguintes características:

1.-“Servizos interese xeral a comunidade” (1 persoa na categoría de ordenanza/vixilante e na categoría peón/limpador). Contrato de 75% da xornada por un prazo de 7 meses.

## Concello A Guarda

### 2.- Custe da contratación

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG.SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos)/ OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
4	10	PEON LIMPADOR	D	1.080,15	37,80%	408,30	1.488,45	7 M	75%	41.676,60
1	10	ORDEANZA VIXILANTE	a	738,15	32,10%	236,95	975,10	7M	75%	6.825,70
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b>				<b>1.818,30</b>		<b>645,25</b>	<b>2.463,55</b>	<b>7M</b>	<b>75%</b>	<b>48.502,30</b>

(1) Inclúida a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

3.- Dispor de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro desta Orde.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

#### **PUNTO 5.- Expediente 168/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2018-2019 PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS**

Vistas as bases do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2018-2019, propono á Xunta de Goberno Local deste Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar unha subvención por importe de 164.699,59 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2018-2019, anualidade 2018, liña 3-emprego, con destino á contratación de 18 traballadores desempregados.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva “Contratación traballadores desempregados 2018”

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta é competente para comprometer esta achega.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

#### **PUNTO 6.- ASUNTOS VARIOS**



## Concello A Guarda

---

Dase conta do escrito RE nº 54 de data 12 de xaneiro de 2018, presentado por D. RODRIGO PACHECO ALONSO, actuando en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO JARDÍN, con enderezo a efectos de notificacións na Transv. Troncoso, nº 3-baixo C de A Guarda, solicitando un espello na rúa Baiona para a saída dos vehículos do garaxe situado no número 8 desta rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a Policía Local xirou visita ó lugar e entenden que non é procedente a colocación do espello.

No habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente da por rematada a sesión ás 9:10 horas do día da data do que eu como secretario dou fe.